Xoves 7 de Xullo de 2022

# SUPLEMENTO ESPECIAL

## XVIII RALLYE SUR DO CONDADO

Gran Premio Concello de Salvaterra de Miño

www.rallyesurdocondado.org




SUPLEMENTO OFICIAL do XVIII RALLYE SUR DO CONDADO, só con La Voz de Galicia


pixeralia
group
Imprenta
Imp. Textil
Web y App
Packaging
Gran Formato
Merchandising
Rotulos
Rotulacion
Decoracion
Displays
Vigo - Salvaterra
www.pixeralia.com


EST. 2016
ENGRANAXE
Music Bar






Coñezo ben a comarca do Condado e sei da paixón que move aos seareiros do motor de Covelo, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Salvaterra de Miño, Arbo, Salceda de Caselas e Ponteareas. Todos eles están de en hora boa porque xa non queda nada para que os vindeiros 8, 9 e 10 de xullo se celebre na Comarca do Condado a décimo sexta edición do Rallye Sur do Condado, quinta proba puntuable do Campionato Galego de Rallyes de Asfalto.

Unha nova entrega da proba automobilística que, como a comarca que a acolle, vén chea de bondades que configurarán o maior festival itinerante dos rallyes de asfalto galegos. Un festival no que o ruxir dos motores serán a banda sonora durante tres días de gas, curvas arriscadas, freos apurados, óptima mecánica e, sobre todo, unha marabillosa capacidade de condución dos pilotos.

Falamos de 120 vehículos que voarán sobre o asfalto do Condado para completar no menor tempo posible os preto de 300 quilómetros de percorrido dos cales 83 serán cronometrados.

E falamos tamén dunha das edicións máis internacionais do Sur do Condado, non só porque nela competirán coches de Portugal e estarán apoiados por afeccionados lusos, senón porque o treito de Arbo será retransmitido en streaming, puidendo chegar a calquera recuncho do mundo.

Son os portugueses un pobo amigo e irmán que xa nos anos centrais do século XVIII ocuparon Salvaterra. Daquela as tropas españolas recuperaron o territorio despois da ocupación da cidade veciña de Monçao. Hoxe Salvaterra e Monçao forman unha eurocidade e nós non podemos recibir aos nosos veciños cos brazos máis abertos.

Son tempos de unión, de coordinación, colaboración e entendemento mutuo. Son tempos de traballar conxuntamente por un futuro mellor. Agora ben, o 8, 9 e 10 de xullo, os galegos volveremos loitar como hai cinco séculos para gañar a batalla, neste caso, no asfalto do Condado.

## Xosé Ramón Lete Lasa

Secretario Xeral para o Deporte

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



Mans no volante, cinto de seguridade posto, retrovisor no seu punto... e pisar o pedal do acelerador. Chega o momento no que os motores volvan a ruxir nesta XVIII edición do Rally Sur do Condado e que coches e pilotos percorran as estradas de Salvaterra de Miño. Levamos dous anos duros pero estamos saíndo do túnel e na segunda fin de semana de xullo xa poderemos desfrutar desta proba despois da suspensión do pasado ano, unha decisión que non foi doada pero que tomouse polo ben de todas e de todos e por iso, dende estas liñas, quero agradecer este xesto de responsabilidade e de antepoñer a seguridade das persoas.

O Rally Sur do Condado ten algo que o fai único: en cada curva, en cada quilómetro, amósanse parte dos innumerables encantos do concello de Salvaterra e da nosa provincia. Que a proba transcorra por un lugar tan especial coma este fai que moitas persoas se acheguen dende distintos lugares e aproveiten a súa estancia para coñecer recunchos do noso territorio, desfrutando de todo o que ofrecemos e gardando instantáneas inesquecibles na súa memoria.

O asfalto de Salvaterra de Miño está desexoso de que os pneumáticos volvan a rodar e de sentir o alento da afección que se concentrará ao longo do percorrido para desfrutar da que, sen dúbida, é unha das grandes probas na nosa provincia. Dende aquí aproveito para desexar sorte a todas as persoas que compiten no circuíto e darlle os meus parabéns á Escudaría Surco, que fai posible que o Rally Sur do Condado se leve a cabo.

## Carmela Silva Rego

Presidenta da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA













Vive a paixón do motor con Surco!





Como ben sabedes, Salvaterra de Miño é un Concello cun arraigo cada vez máis latente cara o mundo do motor, especialmente co Rallye Sur do Condado.

Se ben é certo que Salvaterra é terra de grandes deportistas, tamén o é que o mundo das catro rodas se vive dun xeito moi especial e intensa, en gran medida debido ao enorme esforzo que leva facendo dende fai anos a Escudería Surco, traballando dunha maneira inesgotable e impecable na organización do Rallye.

Para min como Alcaldesa é un orgullo ser a anfitrioa deste gran evento que ano tras ano se consolida na nosa Comarca, e que por dezaseis anos consecutivos ten como epicentro Salvaterra, logrando que durante ese día se acheguen milleiros de persoas á nosa Vila. É, sen dúbida, un dos referentes deportivos que poñen en valor a nosa gran riqueza cultural, patrimonial e histórica.

Como non pode ser doutro xeito, teño que transmitir os meus parabéns á directiva e a todos os colaboradores de Escudería Surco, que cunha labor altruista e desinteresada e co seu bo facer lograron que o Rallye sexa a día de hoxe un dos mellores valorados polos pilotos e amantes do motor.

Despídome non sin antes darvos as gracias por permitirnos formar parte desta gran proba e lembrándovos que todos desexamos desfrutar desta magnífica proba, polo que debemos actuar con moito sentido e respetando sempre as indicacións da organización.

## Marta Valcárcel Gómez

Alcaldesa do Concello de Salvaterra de Miño



O concello de Salceda de Caselas acollerá esta fin de semana a XVIII edición do Rallye Sur do Condado. Esta edición volve a ser puntuable para o Campionato Galego de Rallyes 2022, percorrerá a nosa comarca, e Salceda en concreto, cun tramo de 8,9 km de lonxitude.

O noso concello viviu e vive sempre con paixón o deporte do motor e nesta edición, de volta á normalidade, queremos seguir a facelo do mesmo xeito. Estou segura que Salceda volverá a estar ateigada de afeccionadas e afeccionados para gozar deste evento deportivo.

Como Alcaldesa quero agradecer á organización do Rally o seu compromiso coa nosa vila e a todas as persoas voluntarias que cada ano se implican desinteresadamente na seguridade deste evento. Salceda recibirá de novo con emoción a todas as persoas que viaxan con esta competición como son os pilotos, mecánicos/as e a afección que os acompaña.

Arredor destas probas xérase riqueza para a economía local, impulsan e favorecen as actividades económicas do sector hostaleiro e do comercio de Salceda, polo que quero convidarvos a coñecer e desfrutar da nosa actividade comercial.

Esta é ademais, unha oportunidade única para amosar todo o atractivo dun concello que aposta polo turismo de natureza, que ofrece o mellor que ten á súa veciñanza e ás persoas que o visitan. Confiamos en que todas e todos poidamos gozar nas estradas de Salceda este 8, 9 e 10 de xullo dun gran espectáculo, dunha gran competición.

## Verónica Tourón

Alcaldesa do Concello de Salceda de Caselas










MINGOS · OxiNor · PIRELLI · AMF · GUMERJO · Eloy Bravo · Augusto Loxística · Electricidad Condado · Guiller Motor · Sermiño · Altrans · Del Campo · Sumelga · pixeralia · Escudería Surco · www.rallyesurdocondado.org · 8-9-10 Xullo 2022 · XVIII Rallye Sur do Condado · GUMERJO



É a segunda vez que teño o pracer de dirixirme a todas e todos vós como alcaldesa de Ponteareas. Fágoo coa responsabilidade de continuar o legado do compañeiro Xosé Represas, que sempre amosou o seu apoio e o do noso goberno ao deporte do motor e ao Rally Sur do Condado en concreto. E así seguirá sendo.

Un ano máis, Ponteareas será escenario deste evento, que ademais de permitirnos gozar do seu nivel deportivo e da súa espectacularidade, vai permitirnos gozar do Monte da Picaraña, que estamos pondo en valor nos últimos anos, así como das contornas naturais e patrimoniais incomparables que ofrece este espazo e, en xeral, a nosa vila. Coa combinación destes dous baluartes ponteareáns, deporte e medio natural, temos os alicerces para desfrutar dunha xornada fantástica.

Non quixera deixar de agradecer á Escudería Surco por contar un ano máis con Ponteareas. Pero sobre todo, ante as dificultades propias das circunstancias actuais, quero agradecer o seu esforzo e o seu traballo para sacar adiante un ano máis esta proba, así como o de todas as voluntarias e voluntarios que contribúen a que sexa un éxito ano tras ano. É por iso que, como espectadores e espectadoras, debemos respectar todo o seu traballo e valoralo gozando do evento dende a responsabilidade e a prudencia, sen pór en risco a seguridade nin o medio ambiente.

Vivide este rally con emoción e volvede visitar a nosa vila para coñecer todos os seus encantos. Agardámosvos!

## Cristina Fernñandez Davila

Alcaldesa do Concello de Ponteareas

Concello de PONTEAREAS



É para min unha verdadeira honra como alcaldesa de Mos, ter a oportunidade de saudar a través destas liñas á organización e participantes do XVIII Rallye Sur do Condado, así como a todos os amantes e afeccionados aos rallyes que se achegarán a gozar desta décimo oitava edición.

O Rallye Sur do Condado é unha das probas de automobilismo máis importantes de Galicia, que este ano, e por segunda vez consecutiva, pasa por Mos no seu percorrido.

Aproveito para dedicarlle unhas merecidísimas palabras de agradecemento á organización deste evento deportivo, a cargo da Escudería Surco. E darlle as grazas tamén aos centos de pilotos que participan neste rallye referente na nosa Comunidade Autónoma.

Síntome profundamente orgullosa de que este ano, de novo, Mos sexa, grazas ao Rallye Sur do Condado, protagonista unha vez máis do deporte sobre rodas, e dunha das grandes competicións do mundo do motor.

Mos forma parte do mellor rallye do campionato cun tramo moi especial no que a afección poderá gozar do potencial histórico, natural, cultural e deportivo da carreira no seu percorrido pola nosa localidade. Ademais o tramo mosense deste ano inclúe unha singular novidade: a Copa SOMOSMOS.

Sen máis, remato xa reiterando o meu agradecemento á Escudería Surco, tanto pola súa histórica traxectoria como por esta gran proba. É unha honra para Mos e para min poder formar parte na presente edición, tras estar taménna anterior, proba de que o resultado foi máis que positivo. Grazas de corazón!

## Nidia Arévalo

Alcaldesa do Concello de MOS

CONCELLO DE MOS

AlbaAuto
COMPRA Y VENTA DE VEHICULOS DE OCASIÓN
Puede visitar nuestras instalaciones
Carretera Valladares, 127
36315 Vigo
www.albaauto.es
661.228.761

Nucho Abalde
Giraldes Castro, S.L.
Agencia Exclusiva General - Inscripción Nº 038480
Delegado Comercial
Avda. Castrelos, 37, Bajo - 36210 Vigo (Pontevedra)
Teixugueiras, 18, Bajo - 36212 Vigo (Pontevedra)
Braña, 6 - 36860 PONTEAREAS (Pontevedra)
Tel: 986 66 09 46 - Móvil y Whatsapp: 658 795 774
E-mail: nucho@giraldes.com
AXA reinventando / los seguros

AMF MOTORSPORT

Frutas CARLOS



Vive a paixón do motor con Surco!





Como alcalde do Concello de Arbo compráceme, dar a benvida á nosa localidade aos participantes desta XVIII edición do Rally Sur do Condado, referencia do deporte do motor en Galicia, que cada ano atrae a máis afeccionados e que supón unha nova oportunidade para sumar á emoción da competición o espectáculo destas fermosas terras.

Unha vez mais, teño que felicitar á organización do evento polo brillante traballo realizado.

Como alcalde desta vila, quero tamén agradecer á Escudería Surco, a confianza depositada neste Concello, volvendo a outorgarnos a oportunidade de difundir por Galicia e o veciño Portugal a nosa paisaxe, a hospitalidade das nosas xentes, a atractiva oferta de deportes de aventura e a gastronomía singular que tan ben interpretan os nosos afamados hostaleiros, regada, sempre, polos marabillosos viños albariños e condados que as nosas adegas elaboran coas excepcionais uvas que os viticultores arbenses producen.

Un saúdo cordial para tódolos participantes e espectadores deste Rally, que espero desfruten, seguros e sen riscos, desta paixón que tantos compartimos.

## Horacio Gil Expóxito

Alcalde do Concello de Arbo

Concello de Arbo



Fieis á cita, cal as estacións aos ciclos da natureza, o Rally Sur Condado achégase un ano máis as estradas da comarca.

Os primeiros calores do verán espertan os sentidos e destapan as sensacións do que esta por vir, a medida que vai crecendo a expectación coa proximidade dos días de carreira.

E con todo os tempos son chegados. Xa arrecende a gasolina, xa se escoitan os motores, xa se vive o colorido dun evento deportivo enraizado nas máis fondas esencias da comarca de O Condado. Todo un acontecemento que ano tras ano podemos desfrutar grazas, como sempre, a un grupo de persoas que " obran" a milagre de dar forma a todo un espectáculo para goce de todas e todos.

Os máis sinceros agradecementos a toda a familia da escudería SURCO por ser quen de afrontar o inxente traballo de facer posible este proxecto deportivo e de facelo ademais co máximo nivel de calidade, situando este rally entre mellores da súa categoría.

Dende Mondariz acollemos este evento, dándovos a benvida, abrindo as portas da localidade de par en par e desexando que afeccionados e participantes vivan con paixón e intensidade esta nova edición no XVIII Rally Sur do Condado. Longa vida ao Sur Condado !!!

## Xosé Emilio Barros

Alcalde do Concello de Mondariz

Concello de Mondariz















En Covelo, que tamén somos terra de pilotos e afeccionados ao motor, sempre acollemos con ledicia e emoción a presenza no noso pobo do Rally SURCO, que ben seguro vai encher as nosas prazas e estradas de afeccionados ao deporte do motor e á velocidade.

Como o resto dos meus veciños, eu tamén comparto a ledicia desta nova edición do Rally e da presenza dos miles de afeccionados que compartides as mesmas ilusións e acompañade e animades aos pilotos. Volta o estrondo dos motores e a fileira de coches de colores aos pobos do Condado e A Paradanta, e volta unha vez mais para unirnos como terra de rallyes que sempre fomos. Douvos as grazas, a tódolos membros da organización, á sangue nova da escudería SURCO, ó equipo de voluntarios, xuíces e pilotos, ós patrocinadores e a tódolos afeccionados que nos ides visitar neste día tan especial para todos nos.

Invítovos a que aproveitedes o paso por Covelo e as nosas parroquias para apreciar as paisaxes da Serra do Suído e o Val do río Tea, desfrutar das praias de Maceira e Barcia de Mera, apreciar as fervenzas como a de Parrelos e degustar a gastronomía dos bares e restaurantes que ben seguro ofrecen o mellor para ese día.

En nome dos veciños e veciñas deste humilde pobo douvos as grazas por contar con nos novamente ó tempo que vos invito a que volvades a Covelo, onde sempre seredes ben acollidos.

## Juan Pablo Castillo Amigo

Alcalde do Concello de Covelo

Concello de Covelo



A celebración dunha proba deportiva ven sempre precedida dun gran traballo prestado por persoas que persiguen o éxito, non só en termos de competición, senón, especialmente, a respecto da sociedade que a disfruta.

O Rally Sur do Condado, nesta XVIII edición, é boa proba desta suma de vontades, acumulando na Escuderia Surco emoción e intelixencia contrastadas.

Queremos apoiar dende As Neves ese caudal, esa potencia organizadora, e prestarnos para que continúe a medrar.

Dámoslle a benvida ao noso Concello nun espacio aberto para a verificación, e na saída dun tramo de competición.

Aceleramos.

## Xoxé Manuel Rodríguez Méndez

Alcalde do Concello de As Neves

Concello As Neves



















# ITINERARIO HORARIO *XVIII Rali Sur do Condado*

| Sección | Sector | C.H. | Localización | Km. Treito | Km Enlace | Km. Total | Tempo | Vel. Media | Hora 1º |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1ª Sección | 1 | 1 | Saida Parque Traballo | | | | | | 8:00 |
| | 2 | 3 | Parque de Asistencia a Treito 1 " Sermiño " | | 12,15 | 12,15 | 0:18 | 40,5 | 8:18 |
| | 3 | 4 | Treito 1Talleres Sermiño ( Salceda de Caselas ) | 8,5 | | | 0:03 | | 8:21 |
| | | 5 | Treito 1 " Sermiño" a treito 2 "Pixelaria" | | 33,47 | 41,97 | 0:55 | 45,79 | 9:16 |
| | 4 | 6 | Treito 2 "Pixelaria" (Covelo- Mondariz ) | 9,9 | | | 0:03 | | 9:19 |
| | | 7 | Treito 2 " Pixelaria" a C.H. " Praza de Mondariz " | | 1,25 | 11,15 | 0:20 | 33,45 | 9:39 |
| | 5 | 8 | C.H. " Praza de Mondariz " a Treito 3 ( Mos) " T. Altrans " | | 26,76 | 26,76 | 0:35 | 45,87 | 10:14 |
| | 6 | 9 | Treito 3 " T. Altrans " ( Mos ) | 10,58 | | | 0:03 | | 10:17 |
| | | 10 | Treito 3" Altrans" P. de Reagrupamento "Praza Concello Salceda" | | 13,54 | 24,12 | 0:35 | 41,35 | 10:52 |
| 2ª Sección | 7 | 11 | Saida Parque de Reagrupamento " Praza Concello Salceda " | | | | 0:30 | | 11:22 |
| | | 12 | Parque de Reagrupamento a Parque de Asistencia " A " | | 6,4 | 6,4 | 0:10 | 38,4 | 11:32 |
| | 8 | | Parque de Asistencia " A " | 28,98 | 93,57 | 122,55 | 0:30 | | |
| | 9 | 13 | Saida Parque de Asistencia " A | | | | | | 12:02 |
| | | 14 | Parque de Asistencia a Treito 4 " Sermiño " | | 12,15 | 12,15 | 0:18 | 40,5 | 12:20 |
| | 10 | 15 | Treito 4Talleres Sermiño ( Salceda de Caselas ) | 8,5 | | | 0:03 | | 12:23 |
| | | 16 | Treito 4 " Sermiño " a treito 5 " Pixelaria " | | 33,47 | 41,97 | 0:55 | 45,79 | 13:18 |
| | 11 | 17 | Treito 5 " Pixelaria " ( Covelo-Mondariz ) | 9,9 | | | 0:03 | | 13:21 |
| | | 18 | Treito 5 " Pixelaria " a C. H . De Mondariz | | 1,25 | 11,15 | 0:20 | 33,45 | 13:41 |
| | 12 | 19 | C.H. " Praza de Mondariz " a Treito 6 ( Mos) " T. Altrans " | | 26,76 | 26,76 | 0:35 | 45,87 | 14:16 |
| | 13 | 20 | Treito 6 ( Mos ) " T. Altrans " | 10,58 | | | 0:03 | | 14:19 |
| | | 21 | Treito 6 ( Mos ) " T. Altrans "a P. Reagrupamento ( Pazo de Mos ) | | 8,02 | 18,6 | 0:30 | 37,2 | 14:49 |
| 3ª Sección | 14 | 22 | Saida Parque de Reagrupamento " Pazo de Mos" | | | | 1:00 | | 15:49 |
| | | 23 | Parque de Reagrupamento a Parque de Asistencia " B " | | 22,66 | 22,66 | 0:35 | 38,85 | 16:24 |
| | 15 | | Parque de Asistencia " B " | 28,98 | 104,31 | 133,29 | 0:45 | | |
| | 16 | 24 | Saida Parque de Asistencia " B " | | | | : | | 17:09 |
| | | 25 | Parque de Asistencia a Treito 7 " Transportes Augusto " | | 20,07 | 20,07 | 0:30 | 40,14 | 17:39 |
| | 17 | 26 | Treito 7 Transportes Augusto ( Arbo ) | 7,28 | | | 0:03 | | 17:42 |
| | | 27 | Treito 7 " Transportes Augusto " a Treito 8 " Electricidad Condado " | | 31,84 | 39,12 | 0:55 | 42,82 | 18:37 |
| | 18 | 28 | Treito 8 Electricidad Condado ( Ponteareas ) | 8,9 | | | 0:03 | | 18:40 |
| | | 29 | Treito 8 " Electricidad Condado " a treito 9 " Sumelga " | | 9,04 | 17,94 | 0:25 | 43,06 | 19:05 |
| | 19 | 30 | Treito 9 Sumelga ( Salvaterra de Miño ) | 8,9 | | | 0:03 | | 19:08 |
| | | 31 | Treito 9 "Sumelga" P. de Reagrupamento "Praza Concello Salceda" | | 9,2 | 18,1 | 0:25 | 43,44 | 19:33 |
| 4ª Sección | 21 | 32 | Saida Parque de Reagrupamento " Praza Concello Salceda " | | | | 0:20 | | 19:53 |
| | | 33 | Parque de Reagrupamento a Parque de Asistencia " C " | | 6,4 | 6,4 | 0:10 | 38,4 | 20:03 |
| | 15 | | Parque de Asistencia " C " | 25,08 | 76,55 | 101,63 | 0:30 | | |
| | 16 | 34 | Saida Parque de Asistencia " C " | | | | : | | 20:33 |
| | | 35 | Parque de Asistencia a Treito 10 " Transportes Augusto " | | 20,07 | 20,07 | 0:30 | 40,14 | 21:03 |
| | 17 | 36 | Treito 10 Transportes Augusto ( Arbo ) | 7,28 | | | 0:03 | | 21:06 |
| | | 37 | Treito 10 " Transportes Augusto " a Treito 8 " Electricidad Condado " | | 31,84 | 39,12 | 0:55 | 42,82 | 22:01 |
| | 18 | 38 | Treito 11 Electricidad Condado ( Ponteareas ) | 8,9 | | | 0:03 | | 22:04 |
| | | 39 | Treito 11 " Electricidad Condado " a treito 12" Sumelga " | | 9,04 | 17,94 | 0:25 | 43,06 | 22:29 |
| | 19 | 40 | Treito 12 Sumelga ( Salvaterra de Miño ) | 8,9 | | | 0:03 | | 22:32 |
| | | 41 | Treito 12 " Sumelga "a ceremonia chegada " Praza concello Salvaterra | | 4 | 12,9 | 0:16 | 40 | 22:48 |
| | 20 | 42 | Ceremonia chegada a parque de custodia | | 0 | 0 | 0:00 | 0 | 22:48 |
| | | | | 108,12 | 339,38 | 447,5 | | | |

MINGOS · OXINOR · PIRELLI · AMF · GUMERJO · Eloy Bravo · Augusto Logística · Electricidad Condado · Guiller Motor · Escudería Surco · XVIII Rallye Sur do Condado · Sermiño · Altrans · Del Campo · Sumelga · pixeralia

www.rallyesurdocondado.org

GUILLER MOTOR

SPG TALLERES

986 661 541

Puzo - Lira (Salvaterra)

GUMERJO

SERVICIO OFICIAL

SEAT

Audi Service

ŠKODA

Vive a paixón do motor con Surco!



| | | | |
|---|---|---|---|
| 08/07/22 | 16:00 a 17:00<br>17:00 a 18:00<br>18:00 a 19:00<br>20:00 a 21:00 | Verificacións administrativas<br>Voluntarias<br>Nº 1 a Nº 40<br>Nº 41 a Nº 80<br>Nº 81 a Nº 120<br>Nº 121 a Nº 160 | **A DEFINIR EN COMPLEMENTO** |
| | 16:30 a 17:30<br>17:30 a 18:30<br>18:30 a 19:30<br>20:30 a 21:30 | Verificacións técnicas<br>Voluntarias<br>Nº 1 a Nº 40<br>Nº 41 a Nº 80<br>Nº 81 a Nº 120<br>Nº 121 a Nº 160 | **NAVE DE AUTOBUSES RAUL<br>Pol. Ind. Chan da Ponte<br>Salvaterra de Miño** |
| | 20:00 0 20:45 | Firma de Autografos | **PRAZA DO CONCELLO<br>Salvaterra de Miño** |
| | 23:00 | Hora límite presentación vehículos no Parque de Traballo | **PARQUE DE TRABALLA<br>Rúa do Miño, Salvaterra de Miño** |
| 9/07/22 | 00:00 | Publicación Lista de Autorizados a tomar a saída | **CASA DE CULTURA<br>Rúa Raíña Dona Urraca 12, Salvaterra** |
| | 08:00 | Saida do 1º participante a 1ª Etapa 1ª sección | **PARQUE DE TRABALLA<br>Rúa do Miño, Salvaterra de Miño** |
| | 10:52 | Chegada do 1º participante a 1ª Etapa 1ª sección | **PARQUE DE REAGRUPAMANTE<br>Praza do Concello, Salceda de Caselas** |
| | 11:22 | Saida do 1º participante a 1ª Etapa 2ª sección | **PARQUE DE REAGRUPAMANTE<br>Praza do Concello, Salceda de Caselas** |
| | 14:49 | Chegada do 1º participante a 1ª Etapa 2ª sección | **PARQUE DE REAGRUPAMANTE<br>Praza do Pazo de Mos, Mos** |
| | 15:49 | Saida do 1º participante a 1ª Etapa 3ª sección | **PARQUE DE REAGRUPAMANTE<br>Praza do Pazo de Mos, Mos** |
| | 19:33 | Chegada do 1º participante a 1ª Etapa 3ª sección | **PARQUE DE REAGRUPAMANTE<br>Praza do Concello, Salceda de Caselas** |
| | 19:53 | Saida do 1º participante a 1ª Etapa 4ª sección | **PARQUE DE REAGRUPAMANTE<br>Praza do Concello, Salceda de Caselas** |
| | 22:48 | Chegada do 1º participante a 1ª Etapa 4ª sección | **PARQUE DE CUSTODIA<br>Praza do Concello, Salvaterra de Miño** |
| | 23:00 | Celebración podio final | **PARQUE DE CUSTODIA<br>Praza do Concello, Salvaterra de Miño** |
| | 23:10 | Verificacións finais de oficio | **TALLERES MINGOS<br>Casal S/N, Salvaterra de Miño** |
| 10/7/22 | 00:00 | Entrega oficiosa de trofeos e premios | **PARQUE DE CUSTODIA<br>Praza do Concello, Salvaterra de Miño** |
| | 01:00 | Publicación de resultados | **PARQUE DE CUSTODIA<br>Praza do Concello, Salvaterra de Miño** |

+Xirope

Café Bar

Éste ano 2022 poderemos desfrutar un café mentres agardamos para recoller o roadbook e o GPS de recoñecementos no café Xirope, situado na praza do paseo Matutino de Ponteareas


MINGOS
OxiNor
PIRELLI
AMF
GUMERJO
Eloy Bravo
www.eloybravo.com
AUGUSTO LOGÍSTICA
ELECTRICIDAD CONDADO S.L.
GUILLER MOTOR
Sermiño
ALTRANS
DelCampo
Sumelga
pixeralia
ESCUDERÍA SURCO
www.rallyesurdocondado.org
8-9-10 de XULLO 2022
XVIII RALLYE SUR DO CONDADO
GUMERJO


CARNICERÍA
Carrera
CHARCUTERÍA
Rúa Galicia, 24 - SALVATERRA DE MIÑO


Agrícola
"A Sementeira"
PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC
Telfs: 986 65 93 94 - 606 74 50 09
c/ Rúa Galicia, 2 Bajo SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA%)


mesón-restaurante
Grandal
Especialidad carnes de caza
Tlf.: 986 65 94 16 | C/ Castelao, nº33 | Salvaterra de Miño


OPTICA MIRADOR
optometría y audiología
Salvaterra de Miño


CAFÉ
Flamingos
Nas murallas!!! Salvaterra


Nua, Nú
SÓLO PARA TI, MUJER
>Ropa de calle y fiesta
>También para novia, madrina y ceremonia. (pedir cita previa)
>Tallas de la 38 a la 70!
Avda. Castelao, 15
36860 PONTEAREAS
Telf.: 986 65 09 27


CAFÉ-CONCERTO
vagalume
RUA MARQUÉS DE VIANA 15, SALVATERRA DE MINHO


O CHICHO
cafetería
O TEU PUNTO de ENCONTRO
Rúa Rosalía de Castro, 120 36450 Salvaterra de Miño
Telf. 986 658 349





# José Antonio Abril

*"A xente da organización do Rallye Sur do Condado merece a nosa fidelidade"*



***A empresa Abril Publicidade foi fundada en 1994 por José Antonio Abril. Desde que a primeira edición do Rallye Sur do Condado se realizou contamos coa súa colaboración.***

**1. Porque deciden prestar a súa axuda para que se poida organizar o rallye?**

R. Creemos en este evento e o aplaudimos e fomentamos desde sempre. Penso que proxectos coma este non só é bo para o deporte, senón tamén para a localidade e o pequeno comercio.

**2. Sobre ese tema ía a seguinte pregunta. Un evento local, un apoio local, pero unha repercusión comarcal e autonómica.**

R. Xusto. A parte económica no noso caso non é a máis importante, xa que nós participamos neste evento como provedores de materiais igual que outras empresas coma a nosa. Pero sobre todo o que nos aporta a todos é o movemento de xente que hai eses días e a promoción xa non só do pequeno comercio senón dos concellos nos que transcorre tamén.

**3. É vostede afeccionado aos rallyes? De que xeito desfruta do Sur do Condado eses días?**

R. Si, son afeccionado e participo de xeito colectivo cos meus amigos. Vivimos as presentacións dos coches e quedamos para comer e ir xuntos aos puntos dos tramos que máis nos gustan.

**4. Cal é o seu punto favorito?**

R. Sen dúbida, o Monte Castelo (Pesqueiras) é un dos sitios máis atractivos para ver o Rallye.

**5. Atrévese a dicir un posible vencedor da edición deste ano?**

R. Pois non sei se participa este ano ou no, pero como non son obxectivo e tiro pola xente da casa, oxalá o vencedor sexa Manuel Fernández, que xa gañou algún rally. Aínda que Meira vai forte este ano.

**6. De cara xa á unión que ten Abril Publicidade co Rallye Sur do Condado, que destacaría vostede desta alianza?**

R. Sobre todo a fidelidade que temos con eles. O outro día viñeron a pedir axuda e lla demos no momento. Considero que somos fieis colaboradores do rallye e imos ser sempre, porque a xente que o realizar son uns grandes traballadores e o merecen.

**7. Xa con referencia ao evento en si, que opinión ten vostede? Cree que hai algo que mellorar?**

R. Na nosa parte de publicidade, podemos dicir que sempre hai cousas que mellorar. Pero tamén haique entender que, dentro do que realmente se pode facer, as empresas son moi cautas á hora de dar diñeiro. Unha cousa choca contra outra. Nós podemos ter unha idea de como levar o patrocinio, pero despois tes que atopar que as empresas che dean o diñeiro. Non é sinxelo.



**8. Antes destacaba a fidelidade dentro da unión de Abril Publicidade e o Rally Sur do Condado, pero que outros valores destacaría da súa empresa?**

R. Desde que xurdiu o noso proxecto, hai case 30 anos, e que agora conforma un equipo de traballo de 12 grandes profesionais, sempre tivemos claro que a nosa filosofía sería a capacidade de reacción. Ao igual que é bo que un coche de rallye pase de 0 a 100 en poucos segundos, nós temos esa capacidade tamén. Se unha empresa nos pide realizar, por exemplo, 2.500 revistas en moi pouco tempo, sempre tentamos solucionar o problema. Somos unha empresa pequena, pero temos unha gran capacidade de reacción ante iso.

**9. Xa para rematar, algunhas verbas que lle queira dedicar ao público ou á organización?**

R. Para a organización diría que siga con ese agarimo que lle da ao evento, porque se nota. Esas ganas de querer facelo ben, que é algo que diferencia dos demais.

Ademais, algo moi característico da organización é que o factor humano é impresionante. Mover, organizar e coordinar deste xeito a tanta xente é moi destacable. Seguide así.







Surco, canteira de pilotos, copilotos e organizadores.

Jaime Loureiro
CONSTRUCCIONES

Camiño da Abilleira
n. 15 - Guizán - MOS

mail: contrucciones@jaimeloureiro.es

605 950 328

web: www.jaimeloureiro.es





Sermiño
#Tu Service en Salvaterra de Miño

# TC-A. SERMIÑO (Salceda de Caselas)
## 8.500 km | A1 - 8:21h | A2 - 12:23h

Concello de Salceda de Caselas




O treito de Salceda é bastante virado, estreito e con moitas zonas sucias e rotas, con area e pedras especialmente no alto.

Lembra sempre situarte en zonas altas, como os espectadores desta imaxe, así evitarás levar sustos. Tamén che recomendamos levar auga para hidratarte no treito; e protección solar, pois acostuma a facer moita calor.



**Respeta as normas de tráfico e estaciona adecuadamente nos accesos, o idóneo é aparcar sempre todos do mismo lado para facilitar a evacuación en caso de ser necesario.**

SEAT
Sermiño
#Tu Service en Salvaterra de Miño

MINGOS · OxiNor · PIRELLI · AMF · GUMERJO · Eloy Bravo · Augusto Loxística · Electricidad Condado · Guiller Motor · Sermiño · ALTRANS · del Campo · Sumelga · pixeralia · Escudería Surco · www.rallyesurdocondado.org · 8-9-10 de Xullo 2022 · XVIII Rallye Sur do Condado · GUMERJO

























Vive a paixón do motor con Surco!



# TC-B. PIXERALIA (Covelo - Mondariz)

## 9.900 km | B1 - 9:19h | B2 - 13:21h

pixeralia group · CONCELLO DE COVELO · CONCELLO DE MONDARIZ




O treito que discorre dende a ponte de Covelo ata a vila de Mondariz é o mais diferenciado de todo o noso rally, pois e 100% estrada ampla, lisa, con asfalto de calidade e liñas pintadas para ambos carrís.

Maioritariamente limpo pola preseneza de gardarraís que impiden "cortar" as curvas, é o treito ideal para pilotos con gran precisión e técnica, pois a maioria das freadas son en apoio. Ten en conta que se acadan velocidades moi altas neste treito. Por iso, sitúate nun lugar seguro, e presta atención.



**Na mesma bolsa que empregaches para traer os bocadillos e as bebidas, podes levar os residuos xerados. Coidemos o entorno, manteñámolo limpo.**



MINGOS · OXINOR Oxicortes del Noroeste, S.L. · PIRELLI · AMF · GUMERJO Servicio Oficial
Eloy Bravo www.eloybravo.com · AUGUSTO Logística · Electricidad I.N.M.A.C. CONDADO S.L. Salvaterra de Miño · GUILLER MOTOR
SEAT Sermiño · ALTRANS · DelCampo · Sumelga Material Eléctrico · pixeralia group
Escudería SURCO · www.rallyesurdocondado.org
8-9-10 de XULLO 2022 · XVIII RALLYE SUR DO CONDADO · Gran Premio Concello de Salvaterra de Miño · GUMERJO

# Comercial Lemos

Polígono Chan da Ponte, Parcela 30
SALVATERRA DE MIÑO

986 65 81 36



SUPERMERCADO
**MercaMás Mondariz**

Avda. de Portugal, Nº5 - MONDARIZ
mercamasmondariz@gmail.com

Teléfono, 986 65 65 48 - Móvil, 636 45 70 96

CONSTRUCCIONES
**Martínez y Seoane, S.L.**
OBRAS y REFORMAS

Raño, 3 Guillade - 36868 PONTEAREAS
TELFS.: 986 65 36 02 - MÓVIL 619 63 10 00
E-mail: construccionesmartinezyseoane@hotmail.com

**Carlos PELUQUERO**

Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357



Grupo CATALANA OCCIDENTE
OFICINA ARAUJO

**María José Losada Pérez**
Agente de seguros exclusiva
nº reg. C046835546030J

Raina Dona Urraca (Of. Araujo), 3
36450 Salvaterra de Miño (Pontevedra)
Telf. 986 658 066 - Móvil 680 619 475
Fax 986 658 066
**oficina@adegaaraujo.com**

SEGUROS CATALANA OCCIDENTE - COSALUD - DEPSA

Vive a paixón do motor con Surco!



ALTRANS
ALTRANS FAST CARGO, S.A
TRANSITARIOSYLOGÍSTICA

# TC-C. ALTRANS (Mos)

## 10.580 km | C1 - 10:17h | C2 - 14:19h

CONCELLO DE MOS




Sen dúbida gustou moito. En 2021 incorporouse o novo treito de Mos e foi un éxito dende todas as perspectivas.

